

- 1) De acordo con a Lei 39/2015 (Art. 41), cando o interesado fose notificado por distintas canles, tomarase como data de notificación, **(Indica a resposta CORRECTA)**
 - a) A daquela que se produciu en último lugar.
 - b) A daquela que se produciu en primeiro lugar.**
 - c) A que se efectuou por medios electrónicos.
 - d) A data da notificación que se practicou por medios non electrónicos.

- 2) O artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que, de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, **(Indica a resposta CORRECTA):**
 - a) Suspenderase o prazo máximo legal para resolver o procedemento ata que se emita o informe.
 - b) Poderanse proseguir as actuacións, salvo cando se trate dun informe preceptivo, nese caso, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.**
 - c) Poderase continuar co procedemento e non se terá en conta o informe emitido fóra de prazo.
 - d) Deberanse proseguir as actuacións, dando conta aos interesados.

- 3) De acordo con o disposto no artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **(Indica a resposta CORRECTA)**
 - a) A vicepresidencia, as consellerías, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas.
 - b) As xefaturas de servizo, as secretarías xerais técnicas e as direccións xerais.
 - c) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, e as secretarías xerais.**
 - d) Os órganos superiores non se refiren á lexislación autonómica, senón á estatal.

- 4) Segundo o artigo 35.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, unha xefatura territorial dependerá, **(Indica a resposta CORRECTA)**
 - a) Orgánica e funcionalmente da consellería que corresponda por razón da súa materia.**
 - b) Organicamente da delegación territorial correspondente e funcionalmente da consellería que corresponda por razón da súa materia.
 - c) Orgánica e funcionalmente da delegación territorial que corresponda.
 - d) A xefatura territorial actúa de forma autónoma na súa provincia, sen dependencia de ningunha consellería ou delegación territorial.

- 5) Segundo o artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando por razóns de eficacia ou cando non se conte con medios técnicos idóneos para o desempeño de certas actividades, os órganos administrativos ou as entidades de dereito público, poderán recorrer a:
 - a) Formalización de contratos denominados de menor cuantía.
 - b) Formalización de contratos de prestación de servizos con entidades de carácter privado, sempre que se respecten os límites establecidos na lei de contratos do sector público.
 - c) **Encomendas de xestión.**
 - d) Ningunha de as respostas anteriores é correcta.

- 6) O artigo 9 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, versa sobre a delegación de competencias no ámbito do sector público. Cal das seguintes competencias **NON** pode ser delegada en ningún caso?
 - a) Asuntos que se refiran ás relacións coa Xefatura do Estado.
 - b) Asuntos que se refiran ás relacións coa Presidencia do Goberno da Nación.
 - c) Asuntos que se refiran ás relacións coas Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.
 - d) **Todas son correctas**

- 7) Segundo se estable no artigo 1.4 dos estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.:
 - a) **A Sociedade terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.**
 - b) A Sociedade terá a consideración de Axencia Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.
 - c) A Sociedade terá a consideración de Ente Autónomo ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.
 - d) Ningunha das repostas é correcta.

- 8) Os estatutos da Sociedade Pública SEAGA (Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.), recollen nos seus artigos 3 (Duración) e 4 (Comezo das operacións),
 - a) Que a duración da sociedade se establecerá por un período inicial de cinco (5) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.
 - b) Que a duración da sociedade se establecerá por un período inicial de dez (10) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.
 - c) Que a duración da sociedade se establecerá por un período inicial de dez (10) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o día seguinte da primeira reunión do Consello de Administración da Sociedade.
 - d) **Que a duración da sociedade se establecerá por tempo indefinido, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.**

- 9) O artigo 31 dos estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., establece que o Presidente do Consello de Administración da empresa será designado,
- a) ***Por proposta da consellería competente en materia de medio rural.***
 - b) Por proposta da consellería competente en materia de medio ambiente.
 - c) Por proposta do Presidente da Xunta de Galicia.
 - d) Por proposta do Consello da Xunta de Galicia.
- 10) Segundo o artigo 237 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal é o prazo en que o servizo da administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo (replanteo)? **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) ***Dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificandos.***
 - b) Non existe prazo algún para a devandita comprobación, depende da vontade do director das obras.
 - c) O prazo será de 30 días naturais, agás se o reformulo (replanteo) realízase no mes de febreiro, que será de 28 días.
 - d) Todas as respostas son falsas.
- 11) Segundo o artigo 304 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os gastos de entrega e recepción no contrato de subministración, corresponden **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración serán sempre por conta da administración.
 - b) Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración serán compartidos a medias entre a administración e o adxudicatario do contrato.
 - c) ***Salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convindo serán de conta do contratista.***
 - d) Os contratos de subministracións das administracións públicas non xeran gastos de entrega e transporte.
- 12) De acordo co artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado, **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
 - b) ***Inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.***
 - c) Inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
 - d) Inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.

- 13) Nun diagrama **PERT** , a ruta crítica é aquela que:
- a) Mostra a duración máis curta posible para finalizar os traballos planificados en prazo.
 - b) Mostra a duración intermedia entre a ruta coa duración máis longa planificada, e a ruta de duración máis curta posible.
 - c) Establécese desde o primeiro ao último dos eventos do proxecto para planificar, e que suma a duración máis longa do proxecto.**
 - d) Non existe unha ruta crítica nun PERT, senón que simplemente existen eventos ou actividades que son críticas.
- 14) **Sinala a RESPONSTA INCORRECTA:**
- a) Un diagrama de Gantt é un método de planificación e xestión de proxectos.
 - b) Un diagrama de Gantt represéntase normalmente mediante barras horizontais nas que se establece a duración temporal de cada tarefa ou actividade.
 - c) Un diagrama de Gantt non permite establecer as relacións de dependencia entre actividades ou tarefas.**
 - d) A escala temporal dos diagramas de Gantt non está predefinida, e será a persoa encargada da súa formulación a que estableza a mesma, en función do proxecto para xestionar e o nivel de detalle necesario.
- 15) A lexislación básica nacional en materia de Montes (Lei 43/2003 do 21 de novembro. Art. 13), sinala que as comunidades autónomas poderán declarar de utilidade pública e incluír no Catálogo de Montes de Utilidade Pública os montes públicos comprendidos nalgún dos seguintes supostos: **(Indica a resposta INCORRECTA)**
- a) Os que sexan esenciais para a protección do chan fronte aos procesos de erosión.
 - b) Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rochas e o aterramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestruturas contra o vento
 - c) Os que contribúan á mitigación das consecuencias derivadas do cambio climático por redución das emisións de CO₂.**
 - d) Aqueloutros que estableza a comunidade autónoma na súa lexislación.
- 16) De acordo con a normativa galega de montes veciñais en man común (Lei 13/1989 do 9 de febreiro de 1990. Art. 14), a Asemblea Xeral Ordinaria será convocada, **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Unha vez ao ano e sempre dentro dos oito meses seguintes á data de peche do exercicio económico.
 - b) Dúas veces ao ano e sempre dentro dos tres meses seguintes á data de peche do exercicio económico.
 - c) Unha vez ao ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico.**
 - d) Todas son falsas.

- 17) Segundo a Lei 13/1989 do 9 de febreiro de 1990, de montes veciñais en man común, a propiedade con independencia da súa orixe é:
- a) Pública.
 - b) Privada e colectiva.**
 - c) Pública e colectiva.
 - d) Público – Privada ao poder subscribirse convenios ou consorcios coa Administración forestal.
- 18) De acordo con a normativa galega de prevención de incendios forestais (Lei 3/2007 do 9 de abril. Art. 7), a quen corresponde a competencia para xestionar a biomasa das redes secundarias e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade: **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Á Xunta de Galicia.
 - b) Aos concellos e a outras entidades locais.**
 - c) Á consellería competente en materia de infraestruturas públicas.
 - d) Todas son falsas.
- 19) De acordo con a normativa galega de prevención de incendios forestais (Lei 3/2007 do 9 de abril. Art. 21 bis), nos espazos previamente definidos como redes terciarias de faixas de xestión de biomasa nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito, será obrigatorio para as persoas responsables: **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.
 - b) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen dentro dunha franxa circundante de 50 metros ao redor de zonas forestais de alto valor, especificamente declaradas por orde da consellería competente en materia forestal, conforme o previsto nos criterios para a xestión de biomasa definidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.
 - c) Nas vías e camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase, no estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma de rodadura do camiño e nos 2 metros desde a aresta exterior da vía ou camiño.
 - d) Todas son correctas.**
- 20) De acordo con a normativa galega de prevención de incendios forestais (Lei 3/2007 do 9 de abril. Art. 20), cal destas infraestruturas **NON** pertence á rede primaria de xestión de biomasa?
- a) Autoestradas, autovías e corredores.
 - b) Devasas (Cortalumes).**
 - c) Infraestruturas ferroviarias.
 - d) Liñas de transporte e distribución eléctrica.

- 21) De acordo con a normativa galega de montes (Lei 7/2012 do 28 de xuño. Art. 60), os cambios de actividade forestal a agrícola, **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Son sempre posibles, e soamente precisan dunha autorización municipal.
 - b) En caso de superficies poboadas por matogueiras ou especies do xénero *Acacia*, poderán realizarse, sen comunicación á Administración forestal, en superficies de ata 35 hectáreas.
 - c) ***En superficies poboadas por especies do anexo 1 con idades medias superiores a dez anos, precisarase de autorización da Administración forestal, previa xustificación da actividade agrícola por parte do promotor.***
 - d) Todas son falsas.
- 22) De acordo con a normativa galega de montes (Lei 7/2012 do 28 de xuño. Art. 70), as axudas públicas para os procedementos de concentración parcelaria en terreos forestais poderán consistir en, **(Indica a resposta INCORRECTA)**
- a) Axudas para a redacción do instrumento de ordenación ou xestión forestal.
 - b) ***Axudas para a constitución de instrumentos financeiros comúns.***
 - c) Axudas aos gastos de escrituración e inmatriculación e inscrición rexistral.
 - d) Axudas aos gastos do proceso de reorganización da propiedade.
- 23) O Plan Forestal de Galicia prevé unha superficie de eucalipto equilibrada cun control sobre a súa evolución. Para final do 4º quinquenio, como evolucionaría a superficie de eucalipto total? **(Indica a resposta CORRECTA):**
- a) A superficie de eucalipto total aumentaría non máis dun 3% a superficie actual.
 - b) A superficie de eucalipto total diminuiría nun 15% a superficie actual.
 - c) A superficie de eucalipto total non se verá incrementada en máis dun 5% a superficie actual.
 - d) ***A superficie de eucalipto total diminuiría ata un 5% a superficie actual***
- 24) A área de estudo do Inventario Forestal Continuo de Galicia segundo o documento "Pautas do inventario forestal e protocolo de campo para a Rede Base Definitiva", reduciuse a:
- a) Oitenta e seis (86) concellos repartidos polas catro provincias.
 - b) Oitenta e seis (86) concellos repartidos entre Ourense, A Coruña e Pontevedra.
 - c) ***Oitenta e seis (86) concellos repartidos entre A Coruña, Lugo e Pontevedra.***
 - d) Non existe redución, e a área de aplicación abarca o total dos concellos da Comunidade Autónoma.

- 25) Segundo o documento "Pautas do inventario forestal e protocolo de campo para a Rede Base Definitiva" publicado, para o Inventario Forestal Continuo de Galicia considerouse para o deseño da mostra unha malla sistemática de:
- a) Quince (15) por quince (15) quilómetros.
 - b) Dez (10) por cinco (5) quilómetros.
 - c) Seis (6) por seis (6) quilómetros.
 - d) Catro (4) por catro (4) quilómetros.**
- 26) Segundo o artigo 7 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as Instrucións Xerais de Ordenación e Xestión de montes de Galicia, deberán dotarse dun proxecto de ordenación, **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) Os montes públicos, os montes protectores e os montes de xestión pública.
 - b) Os montes veciñais en man común, as agrupacións forestais formalmente constituídas e os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo cunha superficie superior a 25 hectáreas en coto redondo.
 - c) As persoas propietarias, sexan persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, de montes particulares de superficie superior a 25 hectáreas en coto redondo para unha mesma propiedade.
 - d) Todas son correctas.**
- 27) Segundo o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as Instrucións Xerais de Ordenación e Xestión de montes de Galicia, o procedemento de aprobación dun IOXF pode inicialo, **(Indica a resposta CORRECTA)**
- a) O propietario.
 - b) O titular dos dereitos de uso do monte.
 - c) A persoa responsable da xestión ou o coordinador dun DCX.
 - d) Calquera dos anteriores.**
- 28) Na redacción dun proxecto de mellora de camiños cun importe de execución por contrata de seiscentos trinta e dous mil cincocentos euros (632.500,00€), segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, a/s persoa/s proxectista/s deberán incluír obrigatoriamente,
- a) Un plan de seguridade e saúde queco n posterioridade será aprobado polo Coordinador de Seguridade na fase de execución
 - b) Un estudo básico de seguridade e saúde
 - c) Un estudo de seguridade e saúde**
 - d) Unha avaliación de riscos daquelas actividades con maior risco de producir incidentes ou accidentes.

- 29) O plan de seguridade e saúde dunha obra que promove a Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción,
- a) Poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e dos posibles incidentes ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra. A aprobación da modificación correrá a cargo da persoa encargada da coordinación de seguridade e saúde.
 - b) *Poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e dos posibles incidentes ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra, co informe favorable da persoa encargada da coordinación de seguridade e saúde, e a aprobación do promotor.***
 - c) Non pode ser modificado, aínda que as circunstancias da obra cambiasen no que se refire á seguridade laboral. En todo caso haberá que redactar un plan de seguridade alternativo, avaliando os novos riscos detectados.
 - d) Ningunha das respostas é correcta.
- 30) Segundo o artigo 11 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, con relación ao incumprimento por parte dos contratistas e subcontratistas das medidas previstas no plan de seguridade e saúde da obra,
- a) Responderán de maneira individual co seu patrimonio persoal, en caso de accidente grave ou moi grave.
 - b) Responderán de maneira mancomunada co seu patrimonio persoal, en caso de accidente grave ou moi grave.
 - c) *Responderán de maneira solidaria das consecuencias que se deriven do incumprimento.***
 - d) Todas as respostas son correctas.
- 31) Con relación ao Servizo de Prevención dunha empresa segundo o artigo 30 da lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, **sinala a RESPONSA INCORRECTA.**
- a) O empresario poderá constituír o servizo de prevención mediante a designación dun ou varios traballadores con capacidade suficiente, tempo e medios necesarios para ocuparse dos devanditos traballos.
 - b) O empresario poderá concertar devandito servizo cunha entidade especializada allea á empresa.
 - c) *Nas empresas de ata cen (100) traballadores, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións do servizo de prevención, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo, teña a capacidade necesaria, cun máximo de cinco (5) centros de traballo.***
 - d) Nas empresas de ata dez (10) traballadores, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións do servizo de prevención, sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo, e teña a capacidade necesaria.

- 32) Segundo a lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal dos seguintes **NON** é un principio da acción preventiva?:
- a) Evitar os riscos, e avaliar aqueles que non se poden evitar.
 - b) Substituír o perigoso por aquilo que entraña pouco ou ningún perigo.
 - c) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.**
 - d) Combater os riscos na súa orixe.
- 33) O programa de xestión do custo e dos tempos "**PRESTO**" é unha ferramenta informática na que a información se presenta de forma xerárquica. Con relación a esta cuestión, **indica a RESPONSTA INCORRECTA:**
- a) Os capítulos dun orzamento obrigatoriamente deben estar no seu nivel inferior formados por unidades de obra.**
 - b) Os importes das unidades de obra calcúlanse en base a prezos unitarios e cantidades, desagregadas en liñas de medición.
 - c) Os capítulos poden estar á súa vez formados por subcapítulos no nivel inferior.
 - d) Os prezos unitarios ou simples non teñen desagregación.
- 34) O programa de xestión do custo e dos tempos "**PRESTO**" permite entre outros aspectos:
- a) Establecer un obxectivo de custo por partidas para a obra.
 - b) A estimación da planificación ou da execución baseada en cantidades.
 - c) A exportación da información mediante informes que o programa contén por defecto, ou que poden ser formulados polo propio usuario conforme ás súas necesidades.
 - d) Todas as respostas son correctas.**
- 35) Nun proxecto de construción dun depósito para a prevención de incendios forestais, por norma xeral, enténdese como **ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA**, o orzamento base de execución material **SUMADOS:**
- a) Os gastos xerais do seis por cento (6%) e o IVE. ao vinte e un por cento (21%).
 - b) Os gastos xerais do seis por cento (6%), o beneficio industrial do trece por cento (13%), e o IVE do vinte e un por cento (21%).
 - c) Os gastos xerais do trece por cento (13%), o beneficio industrial do seis por cento (6%), e o IVE do vinte e un por cento (21%).**
 - d) Os gastos xerais do trece por cento (13%), o beneficio industrial do seis por cento (6%), e o IVE do dez por cento (10%) ao tratarse do réxime especial agrario.
- 36) O software de xestión e información xeográfica libre denominado Quantum GIS na creación dun proxecto **NON PERMITE:**
- a) A conexión con servidores .WMS
 - b) Cargar arquivos en formato .DXF
 - c) Cargar arquivos en formato .KML
 - d) Cargar arquivos en formato .DOC**

37) Con relación á Proxección Universal Transversa de Mercator, **indica a RESPONSTA INCORRECTA:**

- a) A terra divídese en 60 fusos
- b) Dous puntos diferentes da superficie terrestre poden ter as mesmas coordenadas se se sitúan en fusos diferentes.
- c) *Todo o territorio peninsular encóntrase no fuso 30.***
- d) As coordenadas UTM adoitan expresarse en metros ou quilómetros

38) Indica cal das seguintes funcións dun sistema de información xeográfica **NON** se considera básica:

- a) Almacenamento.
- b) Visualización.
- c) *Deseño e creación de planos.***
- d) Consulta e análise de datos espaciais.

39) A ferramenta **SIMETRÍA** da aplicación informática **AUTOCAD**,

- a) Permite crear unha copia simétrica dun obxecto ou obxectos, respecto dunha liña de simetría.
- b) Na execución do comando permite a eliminación ou o mantemento do obxecto orixinal.
- c) A orde da liña de comandos para esta función é "_mirror"
- d) *Todas as respostas son correctas***

40) Con relación á ferramenta **MATRIZ** do software denominado **AUTOCAD**, indica a **RESPONSTA INCORRECTA:**

- a) A matriz pode ser polar.
- b) A matriz pode ser rectangular.
- c) *Crea debuxos en 3D, e proxéctaos por defecto nunha visión isométrica.***
- d) Permite a copia de obxectos seguindo un patrón.

41) Segundo o real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, defínese **MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN** como:

- a) *Froitos, sementes, partes de plantas e plantas que se utilizan para a multiplicación das especies forestais e dos seus híbridos artificiais.***
- b) Grupo de individuos (ramets) procedentes orixinalmente dun único individuo (ordet) mediante propagación vexetativa, como estaca, micropropagación, enxerto, abacelo (acodo) ou división.
- c) Lote de castiñeiro híbrido reproducido por abacelo (acodo) baixo no que se garante a procedencia e a pureza xenética en todo caso.
- d) Árbores utilizadas para obter proxenie mediante polinización controlada.

- 42) O real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, establece as seguintes categorías e código de cores para as etiquetas do material forestal de reprodución:
- a) Etiqueta amarela para o material identificado
 - b) Etiqueta verde para o material seleccionado
 - c) Etiqueta rosa para o material cualificado
 - d) Todas as respostas son correctas**
- 43) A **CERTIFICACIÓN FORESTAL** é (indica a **RESPOSTA INCORRECTA**):
- a) Un proceso obrigatorio**
 - b) Un proceso no que unha entidade independente debidamente acreditada avalía a calidade da xestión forestal e da produción de madeira con respecto a un conxunto de requisitos ou normas.
 - c) Os labores de control levan a cabo a través dun proceso de auditoría na que se usan unha serie de indicadores medibles para verificar que se están aplicando e cumprindo os estándares establecidos.
 - d) Os sistemas de certificación máis habituais son FSC e PEFC.
- 44) Os produtos acabados o manufacturados con certificación FSC poden levar unha etiqueta FSC directamente no produto ou embalaxe. Existen tres tipos de etiquetas FSC. **Indica cales son as IDENTIFICACIÓNS CORRECTAS.**
- a) FSC 100%, FSC 75%, FSC MIXTO
 - b) FSC RECICLADO, FSC 75%, FSC MIXTO
 - c) FSC 100%, FSC RECICLADO, FSC MIXTO**
 - d) FSC 100%, FSC 75%, FSC RECICLADO,
- 45) Segundo o Artigo 32. do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes de xestión privada, as curtas de obrigada execución,
- a) As curtas de arboredo que sexan de obrigada execución, de acordo con o establecido na Lei 3/2007, e as que se realicen para a obrigada adaptación ás distancias mínimas sinaladas no anexo II da Lei 7/2012, así como todas aquelas que se executen en aplicación doutra lexislación sectorial, só precisan da presentación dunha declaración responsable, con carácter previo á súa realización.**
 - b) As curtas de arboredo que sexan de obrigada execución, de acordo con o establecido na Lei 3/2007, e as que se realicen para a obrigada adaptación ás distancias mínimas sinaladas no anexo II da Lei 7/2012, así como todas aquelas que se executen en aplicación doutra lexislación sectorial, precisan da presentación dunha autorización, con carácter previo á súa realización.
 - c) Non é necesario regular un procedemento específico para o control dos aproveitamentos que se deban producir, non sendo necesario o garantir a legalidade e rastrexabilidade (trazabilidade) da madeira que se destine ao aproveitamento comercial.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.

46) O sistema de referencia xeodésico oficial en España para a península ibérica é:

- a) European Datum 1950
- b) European Albers Equal Area Conic
- c) European Lambert Conformal Conic
- d) Ninguna das respostas é correcta.**

47) ORUXMAPS é un aplicativo de xestión de mapas que basea o seu funcionamento on-line en:

- a) Servidores WMS.
- b) Mapas ING escaneados a escala coñecida.
- c) Servidores WMTS.
- d) As respostas "a" e "c" son correctas.**

48) Na seguinte fotografía obsérvanse os síntomas máis evidentes do ataque dunha das pragas que afecta o monte galego. Indica de que praga se trata



- a) *Dryocosmus kuriphilus***
- b) *Gonipterus platensis*
- c) *Altica quercetorum*
- d) *Cryphonectria parasítica*

49) *Bursaphelenchus xylophilus*, é a denominación científica dunha especie que afecta a, **(Indica a resposta CORRECTA)**

- a) Exemplares adultos do xénero *Castanea*
- b) Latizais de *Fagus sylvatica*
- c) Non se trata dunha praga forestal.
- d) Ningunha das respostas é correcta.**

50) Con respecto ao *Monochamus galloprovincialis*, indica a **RESPOSTA CORRECTA:**

- a) É o responsable da coñecida como BANDA VERMELLA dos piñeirais galegos.
- b) É un vector responsable do ataque de *Bursaphelenchus xylophilus***
- c) É un nematodo xilófago que ataca as masas piñeiro adultas.
- d) É o himenóptero causante da podrencia da madeira do xénero *Pinus*

PREGUNTAS DE RESERVA

- 1) Conforme ao REAL DECRETO 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, a **REXIÓN DE PROCEDENCIA** establecerase para (**indica a RESPONSTA CORRECTA**):
 - a) ***As categorías de material identificado e material seleccionado.***
 - b) A categoría de material controlado.
 - c) A categoría de material cualificado.
 - d) As categorías de material cualificado e material controlado.

- 2) Segundo o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades, traballadores de dous ou máis empresas.
 - a) As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo non están obrigados a vixiar o cumprimento polo devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais, salvo que así se recolla na análise de risco.
 - b) Os traballadores autónomos, como empresarios unipersoais, están exentos do cumprimento dos deberes de cooperación e información de prevención de riscos laborais.
 - c) ***O empresario titular do centro de traballo adoptará as medidas necesarias para que aqueloutros empresarios que desenvolvan actividades no seu centro de traballo reciban a información e as instrucións adecuadas, en relación cos riscos existentes e as medidas de protección e prevención correspondentes.***
 - d) Non é posible que dúas empresas coincidan nun mesmo centro de traballo. Cada empresa deberá solicitar a súa propia apertura de centro de traballo, e avaliar os riscos de forma independente.

- 3) . O libro de incidencias regulado no artigo 13 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, é:
 - a) O libro onde se recollen as ordes e instrucións da Dirección de Obra en canto á execución dos traballos de forma segura.
 - b) ***O libro onde se recolle o control e seguimento do plan de seguridade e saúde da obra.***
 - c) O libro no que se recollen unicamente os incumprimentos en materia de seguridade e saúde do contratista.
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

- 4) Segundo o artigo 211 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, son causas de resolución do contrato, (**Indica a resposta INCORRECTA**)
 - a) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
 - b) O incumprimento da obrigaón principal do contrato.
 - c) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
 - d) ***A lesión dos dereitos dun terceiro alleo ao contrato.***

- 5) Dentro dos obxectivos básicos da conservación e uso sustentable dos recursos xenético forestais destacan entre outros:
- a) Documentar os recursos xenéticos forestais actuais e o seu estado de conservación.
 - b) Apoiar o desenvolvemento de traballos de mellora, conservación e uso sustentable.
 - c) Promover a cooperación entre Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado para o intercambio de información.
 - d) *Todas as respostas son correctas.***

- 1) De acuerdo con la Ley 39/2015 (Art. 41), cuando el interesado fuera notificado por distintos cauces, se tomará como fecha de notificación, **(Indica la respuesta CORRECTA)**
 - a) La de aquélla que se hubiera producido en último lugar.
 - b) La de aquélla que se hubiera producido en primer lugar.**
 - c) La que se haya efectuado por medios electrónicos.
 - d) La fecha de la notificación que se haya practicado por medios no electrónicos.
- 2) El artículo 80 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, señala que, de no emitirse el informe en el plazo señalado, y sin perjuicio de la responsabilidad en que incurra el responsable de la demora, **(Indica la respuesta CORRECTA):**
 - a) Se suspenderá el plazo máximo legal para resolver el procedimiento hasta que se emita el informe.
 - b) Se podrán proseguir las actuaciones, salvo cuando se trate de un informe preceptivo, en cuyo caso, se podrá suspender el transcurso del plazo máximo legal para resolver el procedimiento.**
 - c) Se podrá continuar con el procedimiento y no se tendrá en cuenta el informe emitido fuera de plazo.
 - d) Se deberán proseguir las actuaciones, dando cuenta a los interesados.
- 3) De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 25 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia, **(Indica la respuesta CORRECTA)**
 - a) La vicepresidencia, las consellerías, las secretarías generales y las secretarías generales técnicas.
 - b) Las jefaturas de servicio, las secretarías generales técnicas y las direcciones generales.
 - c) La Presidencia de la Xunta de Galicia, las consellerías, la vicepresidencia o vicepresidencias, de existir éstas, y las secretarías generales.**
 - d) Los órganos superiores no se refieren a la legislación autonómica, sino a la estatal.
- 4) Según el artículo 35.1 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de Organización y Funcionamiento de la Administración general y del Sector Público Autonómico de Galicia, una jefatura territorial dependerá, **(Indica la respuesta CORRECTA)**
 - a) Orgánica y funcionalmente de la consellería que corresponda por razón de su materia.**
 - b) Orgánicamente de la delegación territorial correspondiente y funcionalmente de la consellería que corresponda por razón de su materia.
 - c) Orgánica y funcionalmente de la delegación territorial que corresponda.
 - d) La jefatura territorial actúa de forma autónoma en su provincia, sin dependencia de ninguna consellería o delegación territorial.

